



# PROGRAMA ELECTORAL

## *Recuperar a ilusión, gañar o futuro*

A universidade acada a súa misión na sociedade grazas á sincronización de todos os colectivos que a compoñen: o estudiantado, prioridade máxima e razón de ser da universidade, o profesorado, principal motor de xeración e transmisión de coñecemento, e o persoal de administración e servizos, forza que permite o funcionamento da institución. Somos conscientes de que acadar este obxectivo require altas doses de capacidade, enerxía, e ilusión.

A Universidade de Vigo atópase hoxe nunha encrucillada histórica. Os próximos anos determinarán se a nosa institución se converte nunha universidade de influencia local situada na periferia dunha comunidade autónoma periférica dun estado periférico de Europa, e por tanto destinada á unha deriva cara a unha institución menor, ou pola contra, se consolida como unha das universidades novas emerxentes caracterizadas polo seu dinamismo, a excelencia docente e a calidade da súa investigación, a especialización e a súa estreita conexión coa sociedade, elementos imprescindibles que deben descansar sobre un excelente funcionamento administrativo e dos seus servizos. Por iso, non é arriscado soste que a dirección que tome a Universidade de Vigo nos próximos anos é de especial transcendencia. Analizar o complexo escenario no que se desenvolverá a institución fai imprescindible a elaboración dun Plan Estratéxico que marque o camiño a seguir na próxima década. Este debe ser o motivo central de discusión do vindeiro Claustro da universidade.

As condicións de partida permiten visualizar o futuro con optimismo se acertamos nas diagnoses e nas propostas. A posición da nosa Universidade dentro das universidades de recente creación é destacada, e isto é así polo esforzo dos colectivos que a conforman: estudantes, persoal de administración e servizos e persoal docente e investigador na curta historia da institución.

A Universidade de Vigo fixo un percorrido salientable que contribuíu de xeito significativo ó desenvolvemento da sociedade do sur de Galicia. En contraste con outras institucións de ensino superior, a nosa Universidade goza nesta fase da súa historia dun estado de saúde que permite afrontar con esperanza e determinación o futuro. Este futuro pasa por dar prioridade ó obxectivo fundamental dunha universidade pública: servir á sociedade que a sustenta garantindo a igualdade de oportunidades no entorno social no que se asenta. Por iso, traballar cara á excelencia da docencia, a investigación e a transferencia de coñecemento constitúe o principio reitor da nosa candidatura.

## O Contexto

A Universidade de Vigo depende do contexto autonómico, estatal e internacional no que se insire. Consecuentemente, unha parte significativa dos problemas da nosa institución non son exclusivos dela.

Enfrontar problemas tan graves como a desigualdade, o deterioro ambiental, a violencia de xénero ou o declive dos valores democráticos e éticos, supón un gran reto para a nosa institución. Certamente, a universidade non pode enfrontar esta situación de modo illado pero, como institución na que se constrúe coñecemento e se desenvolven actitudes e aptitudes, ten a obriga de facelos visibles e de contribuír á súa solución.

As restricións financeiras e a tendencia á minimización do público, predominantes na sociedade occidental nas últimas décadas, teñen repercusións evidentes nas institucións universitarias. En primeiro lugar, a moi discutible afirmación de que a xestión privada é, axiomáticamente, máis eficaz que a xestión pública, fai que as institucións públicas, entre elas as universidades, non sexan sempre defendidas pola cidadanía. Isto tradúcese nun escaso financiamento, que limita de xeito extraordinario a súa autonomía, moi especialmente en situacións de crise económica extrema. Este proceso descualificador, asfixia de financiamento e perda de autonomía está na base das dificultades que experimentan as institucións universitarias no deseño dos plans de captación e retención de talento, así como no desenvolvemento dos plans de promoción do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos. Pero é o estudantado o que resulta máis afectado por este proceso de asfixia orzamentaria do sector público ó traducirse nun descenso dos fondos destinados ao financiamento das bolsas de estudo. A perda de autonomía é aínda máis extrema no caso das institucións endebedadas, ao atopárense na práctica intervidas polas administracións autonómicas e estatais, o que non é o caso da Universidade de Vigo. O mantemento da prudencia orzamentaria, que obriga a unha priorización de gastos, debe ser un obxectivo prioritario, xa que del depende a defensa da mínima parcela de soberanía que aínda mantemos.

A concepción da Universidade como unha empresa e do estudantado como cliente é o produto dunha concepción mercantilista claramente lonxe da súa primixenia razón de ser como servizo público dedicado á xeración e transmisión do saber. Sen dúbida, a universidade debe xerar persoal cualificado para o sistema económico, pero o seu obxectivo prioritario é formar persoas con capacidade de análise crítica, preparadas integralmente para a súa responsabilidade cívica nunha sociedade democrática. A formación dunha cidadanía para a democracia é compatible coa formación do estudantado nas competencias profesionais das correspondentes áreas de coñecemento. É necesario, por tanto, crear novos programas de formación complementaria que aborden esta limitación mediante o fomento da formación transversal inter-ámbitos de coñecemento, así como a incorporación das e dos estudantes ao proceso de xeración de coñecemento e de impulso da innovación dende as primeiras fases do seu proceso formativo.

Nesta mesma liña, a inserción laboral debe constituír tamén un obxectivo prioritario das universidades.

A posta en valor das humanidades, as artes e as ciencias sociais na universidade é necesaria porque unha formación universitaria non é integral nin de calidade se non é capaz de cultivar estes aspectos en toda a comunidade universitaria. De igual maneira, non é concibible unha formación universitaria sen a comprensión das bases científicas e tecnolóxicas que determinan a sociedade do inicio do século XXI. Este obxectivo pode ser abordado porque somos unha universidade diversa.

O cambio acelerado que experimentan as sociedades actuais é unha realidade; nelas, o papel das tecnoloxías está a transformar, e vai transformar aínda con máis intensidade no futuro, as relacións das persoas co seu entorno. Atoparémonos no futuro con novos escenarios, novas oportunidades, novos perfís de emprego que mesmo non podemos imaxinar no presente. A Universidade debe aproveitar o seu perfil tecnolóxico para formar profesionais con capacidades para afrontar estes novos retos. Por iso, a Universidade de Vigo debe apostar por construír un mapa de titulacións acorde coas necesidades presentes e futuras da nosa sociedade, mediante unha vixilancia tendente a aproveitar as oportunidades que se presentan. A aposta estratéxica polas novas titulacións debe estar vinculada ao fornecemento de recursos necesarios para garantir a calidade da docencia.

A concepción mercantilista das universidades leva á introdución de procedementos de xestión e, en particular, de “xestión da calidade”, propios das unidades de produción de manufacturas, baseados na certificación de procedementos repetitivos pero lonxe do concepto de calidade que debe prevalecer na universidade. Isto conduciu a unha hiperburocratización do sistema universitario absolutamente desmotivadora e que resta tempo para o desenvolvemento da tarefa central da universidade: a xeración e transmisión do coñecemento. Ademais, na medida en que se deu prioridade ós medios sobre os obxectivos, esta circunstancia obrigou á adopción de regras, conductas e sistemas de avaliación lesivos para a verdadeira calidade na docencia. É absolutamente necesario un cambio de rumbo cara á simplificación e mellora destes procedementos que deben estar claramente aliñados cas directrices que determine o futuro Plan Estratéxico da universidade.

Como consecuencia dos aspectos mencionados, é claramente detectable o malestar nunha gran parte da comunidade universitaria, que reclama a valoración da súa actividade. Unha universidade non se reduce os seus órganos de goberno, unha universidade será o que sexan e queiran os colectivos que a conforman e, por tanto, o goberno da universidade ten que se sustentar nunha actitude de escoita continua e de procura de solucións negociadas. É preciso mudar o malestar en esperanza. Compre, crear espazos de consulta e reflexión conxunta na que conflúan o estudantado, o persoal de administración e servizos, o persoal docente e investigador e outros axentes sociais. Estes espazos de participación fomentarán a práctica democrática na

comunidade universitaria e serán un elemento fundamental do proceso de elaboración do Plan Estratégico da universidade.

No contexto máis próximo, cómpre resaltar que a Universidade de Vigo está radicada en dúas provincias periféricas con respecto á situación dos centros de poder político. En consecuencia, o éxito da Universidade de Vigo pasa indefectiblemente polo mantemento de estándares de calidade superiores ó promedio do entorno e pola intensificación da vinculación da Institución coa sociedade próxima, coas institucións públicas, co sector empresarial, co sector asociativo e coa sociedade civil en xeral. A Universidade de Vigo terá apoio social na medida na que a sociedade galega a considere imprescindible para o desenvolvemento social e económico do territorio, para ter futuro.

Existen oportunidades, neste sentido, que precisan aínda ser explotadas con maior intensidade, en particular: a nosa posición transfronteiriza. Establecer alianzas estratéxicas coas universidades portuguesas que lindan coas provincias do sur de Galicia debe ser unha prioridade xa que a nosa historia previa de cooperación transfronteiriza indica que este é un espazo no que a nosa vantaxe é evidente. Profundar nesta cooperación e crear un eficaz ecosistema universitario entre a Universidade de Vigo e as universidades do Norte de Portugal debe ser un obxectivo estratéxico que abre unha excelente porta cara á totalidade de Iberoamérica e nos fai gañar centralidade no ámbito peninsular e europeo.

Esta candidatura é o resultado do traballo en equipo de persoas de diferentes sensibilidades que se suman a un propósito común de aportar ideas para:

**Afrontar o presente, recuperando a ilusión** por un proxecto compartido de Universidade para o estudiantado, para o persoal de administración e servizos e para o persoal docente e investigador.

**Gañar o futuro**, a través do deseño de políticas estratéxicas que permitan achegarnos a unha universidade vinculada co entorno social, igualitaria e internacionalizada, capaz de formar unha cidadanía crítica e atraer talento.

As ideas son o substrato sobre o que se debe construír o progreso en calquera contexto e moito máis nun ámbito, como é o universitario, no que o pensamento crítico e a reflexión intelectual deben ser os únicos mecanismos válidos para referendar cada paso e cada avance. O debate dialéctico, coa confrontación de ideas que implica, é o motor dos cambios. E a variedade e pluralidade destas ideas, procedentes de distintos puntos de vista e diferentes xeitos de entender a realidade, é esencial para enriquecer e impulsar o debate.

## Programa de Goberno

O Programa de Goberno da candidatura de Ideas que Suman alíñase en torno a dúas ideas forza: **recuperar a ilusión e gañar o futuro.**

A perda de ilusión é, nestes momentos, unha das debilidades máis relevantes da universidade española e combatela na Universidade de Vigo debe ser un dos obxectivos centrais desta candidatura. Na orixe desta situación está, entre outras razóns, a crise económica extrema, a aplicación do decreto Wert, a perda de poder adquisitivo dos salarios, a redución do tempo “útil” de traballo intelectual debido á hiperburocratización, a precariedade económica de moitos grupos de investigación, a falta de expectativas de promoción e a incerteza sobre a empregabilidade futura; certos erros na xestión e falla de comunicación entre o goberno da universidade e a comunidade universitaria tamén teñen motivado frustración entre colectivos de estudantes, persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos. É fundamental aumentar a confianza da institución no seu persoal o que fomentará a identificación deste coa institución á que pertence. As situacións individuais e colectivas deben ser estudadas e as demandas escoitadas para poder identificar os problemas e formular solucións aos órganos de goberno.

Ao mesmo tempo que se procura resolver os problemas máis urxentes que afectan á nosa Universidade, é absolutamente necesario deseñar o futuro, para o que cómpre desenvolver unha visión estratéxica compartida a longo prazo que se concrete nun Plan Estratéxico para a próxima década elaborado e asumido pola maioría da comunidade universitaria. Preparar o futuro é unha necesidade en calquera organización e, moi especialmente, nunha universidade exposta a un escenario que, con certeza, será moi diferente ao presente.

Para recuperar a ilusión e gañar o futuro, Ideas que Suman formula a necesidade de desenvolver **11 liñas estratéxicas** que agrupan **45 obxectivos** e **200 accións concretas**, que se presentan a continuación.

## Liña estratéxica 1: O deseño da Universidade do futuro

A dirección que tome a Universidade de Vigo nos próximos anos é de especial transcendencia. Requírese dunha visión estratéxica compartida, credibilidade, ambición, reflexión, esforzo colectivo e unidade de acción para conducir a nosa institución cara a un horizonte non exento de serios desafíos: o desfavorable contexto demográfico, a expansión das institucións universitarias de carácter privado, competindo en condicións claramente desiguais, ou a proliferación da educación virtual masiva, retos que deben ser considerados no deseño dunha estratexia que garanta a sustentabilidade da nosa institución. Analizar o complexo escenario no que se desenvolverá a institución fai imprescindible planificar estratexicamente o camiño a seguir na próxima década.

### Obxectivo 1.1. Elaborar unha visión estratéxica compartida da Universidade

#### **Accións**

1. Elaborar o II Plan Estratéxico da Universidade de Vigo. O Plan realizará a diagnose da situación presente, definirá os obxectivos a acadar no horizonte temporal dunha década, identificará as accións necesarias para conseguir estes obxectivos, identificará as accións e trazará o plan de traballo que conduza á consecución destes obxectivos. O Plan, que se elaborará coa participación do conxunto da comunidade universitaria, abordará todas as liñas estratéxicas da universidade, establecerá as prioridades de actuación e asignará os recursos humanos e económicos necesarios. A sustentabilidade, nas súas tres compoñentes, económica, social e ambiental, será un principio inspirador do proceso de planificación estratéxica, como de toda a política universitaria. O Plan será finalmente debatido e aprobado no Claustro da Universidade.
2. Aliñar os procesos de calidade coas directrices que determine o futuro Plan Estratéxico da Universidade de Vigo e camiñar cara á simplificación dos procedementos actuais de xestión da calidade.
3. Poñer en marcha un programa de avaliación das políticas deseñadas e executadas no marco do II Plan Estratéxico.
4. Elaborar un código ético da Universidade.

### Obxectivo 1.2. Reforzar a estratexia de especialización da Universidade

#### **Accións**

1. Manter os ámbitos de especialización actual da universidade sustentada en catro ámbitos de especialización: Vigo Tecnolóxico, Campus do Mar, Campus da Auga e

Campus Crea S2i, reforzando as súas estruturas organizativas e fomentando o desenvolvemento dos seus plans estratéxicos de cara á súa conversión en auténticos motores de investigación, transferencia, formación avanzada e conexión coa sociedade da nosa universidade.

2. Impulsar as infraestruturas e proxectos singulares dos campus de especialización, nomeadamente, desenvolvemento do MTI, e o CIMBIO, a posta en marcha da ETEA, a reorganización e posta en funcionamento do CITI e o edificio do Campus da Auga en Ourense e o edificio do Campus Crea en Pontevedra.

### Obxectivo 1.3. Apoiar á execución dos plans estratéxicos de Centros e Departamentos

#### Accións

1. Poñer en marcha contratos-programa particularizados cos centros e departamentos da Universidade que, sustentados nunha análise pormenorizada das necesidades e aspiracións destes, e no recoñecemento das súas singularidades, permita acadar os obxectivos definidos en cada un dos plans estratéxicos dos centros e departamentos.

### Obxectivo 1.4. Mellorar a situación da Universidade nos rankings internacionais

#### Accións

1. Incorporar ao Plan Estratéxico as medidas necesarias para conseguir reforzar a medio prazo a posición da Universidade nos rankings internacionais, coma o de Shanghai, no que na actualidade nos atopamos no tramo 500-600, ou o das duascenas mellores universidades de menos de 50 anos. Identificar os ámbitos de coñecemento onde a Universidade está mellor situada, e as súas fortalezas e debilidades, o que resultará en mellorar a visibilidade da institución e favorecer o progreso da súa internacionalización.
2. Establecer alianzas estratéxicas con institucións de referencia en cada ámbito e fomentar o intercambio e mobilidade de estudantado e persoal docente, investigador e de administración e servizos, buscando un proceso de mellora continua mediante a incorporación de prácticas de excelencia en cada eido da vida universitaria.

## Liña estratéxica 2: Racionalización da administración da Universidade

A progresiva deriva cara á hiper-burocratización da Universidade require de medidas que racionalicen os procedementos administrativos coa finalidade de reducir o tempo que se ocupa neste tipo de tarefas. É preciso deseñar un modelo de xestión áxil e transparente baseado na cultura da corresponsabilidade implicando a todos os sectores no proceso de cambio que debe ser iniciado.

É preciso a posta en marcha inmediata dun plan de racionalización da administración da Universidade de Vigo que parta dunha análise integrada da totalidade dos procedementos administrativos e da eliminación de todas aquelas duplicidades ou requirimentos adicionais que se estean a desenvolver na actualidade. É necesario racionalizar os procedementos de seguimento e control da xestión académica.

Esta liña estratéxica estará liderada pola Xerencia da Universidade en estreita coordinación coa Secretaría Xeral e as Vicerreitorías e contará co apoio, asesoramento e seguimento dunha comisión delegada do Consello de Goberno formada por todos os sectores implicados. Unha vez estudados os resultados desta análise de procedementos e valorada a experiencia da organización administrativa actual tomaranse as decisións necesarias para resolver as disfuncións detectadas.

De xeito paralelo a este proceso, é absolutamente prioritario deseñar un novo programa de formación do persoal de administración e servizos e desenvolver un ambicioso plan de conversión da Universidade de Vigo nunha institución dixitalizada.

### Obxectivo 2.1. Reducir significativamente o tempo dedicado á tarefas burocráticas

#### **Accións**

1. Elaborar un Programa de actualización do sistema de administración e xestión da Universidade de Vigo. Este Programa, que será presentado nos primeiros 100 días da acción de goberno para a súa aprobación no Consello de Goberno, elaborárase contando coa participación activa de todos os actores da comunidade universitaria e especificará o plan de execución concreto, priorizará os proxectos e definirá un calendario de implantación. O Programa sustentárase en tres eixos de acción vehicular:
  - a) Posta en marcha dun programa integral de maximización e optimización dos recursos informáticos. Sustentado no programa de actualización do sistema de administración e xestión que será previamente aprobado, será necesario



o desenvolvemento dun plan ordenado que conduza á dixitalización integral da Universidade, prestando especial atención a aqueles servizos e áreas nos que as deficiencias son máis salientables. O resultado deste proceso de dixitalización debe conducir a unha simplificación significativa dos procedementos mediante a eliminación completa do uso do papel, a implantación da sinatura dixital en todos os procedementos e a emisión automática de informes e certificados. No proceso buscarase a mellora das aplicacións existentes e a interconexión entre aplicacións existentes e futuras, no marco dunha plataforma única que permita a extracción de datos e o tratamento axeitado da información.

- b) Integración dos procesos e servizos. Será obxecto de análise a detección dos puntos de confluencia entre as diferentes áreas de actividade da universidade co fin de achegar valor á cadea de información e evitar duplicidades innecesarias na súa xestión. Identificaranse en cada procedemento as tarefas que se deben asignar a cada membro da comunidade universitaria e deseñaranse fluxos de información claros en todas as fases dos procesos automatizando e axilizando as transicións entre axentes. Poranse en marcha accións piloto en Centros e Unidades nos que se ensaiarán a escala os novos procedementos deseñados. Débese garantir a coherencia entre as normativas e os novos procedementos incorporando as modificacións que sexan necesarias.
  - c) Globalización da atención á comunidade universitaria. Un elemento consubstancial ao deseño do Programa é a concepción da Universidade de Vigo como un órgano unitario de acción desconcentrada, con diversidade de obxectivos, actores e áreas de interese. Isto implica a necesidade de que o Programa a desenvolver manteña unha estratexia coherente, que sendo única para todo o persoal sexa quen de adaptarse ás necesidades particulares de cada campus, actor ou área de actividade. A garantía deste enfoque obterase, en primeiro termo, da participación activa da comunidade universitaria na identificación das necesidades e na proposta das solucións.
2. Optimizar os procesos de concurso do PAS. Realizarase un estudo das posibilidades de automatización dos procesos de concurso do PAS para procurar a súa transformación nun procedemento continuo que axilice a cobertura de prazas da RPT e contribúa a estabilizar a dotación de persoal das unidades administrativas.
  3. Desenvolver os Estatutos da Universidade de Vigo. Coa aprobación dos novos regulamentos e instrumentos administrativos, impulsarase, conforme á legalidade, a racionalización administrativa, eliminando procedementos e trámites innecesarios, facilitando o funcionamento dos órganos e unidades administrativas e académicas, así como o desenvolvemento da vida académica de estudantes, PDI e PAS.

### Liña estratéxica 3: Unha política de PAS para unha Universidade eficiente

O Persoal de Administración e Servizos é a forza que permite o funcionamento da Universidade de Vigo e polo tanto permite alcanzar a súa misión na sociedade. Non se pode construír unha Universidade de calidade se a administración e os servizos non funcionan axeitadamente. E non se pode concibir o éxito nesta tarefa sen contar cun persoal de administración e servizos motivado, formado e organizado adecuadamente.

Tendo en conta a relevancia do PAS no desenvolvemento da misión da universidade é necesario formular unha política de PAS que afronte o relevo xeracional dos cadros de administración e servizos coa necesaria previsión, tendo presente que a súa substitución require unha programación deseñada con suficiente anticipación. Este debe ser un elemento central do Plan Estratéxico da universidade.

Vimos dunha aprobación da nova RPT complexa. Comprometémonos a unha aplicación non traumática da RPT e a realizar as modificacións puntuais que sexan precisas logo da súa negociación de boa fe nas mesas correspondentes. A política de revisión da RPT ten que estar centrada nunha adaptación permanente. Entendemos a RPT como un instrumento dinámico, non ríxido, en constante adaptación. As prazas correspondentes a persoal funcionario, a valoración dos postos de traballo e as súas consecuencias retributivas, o incremento, no seu caso, de postos de traballo, deben ser cuestións abertas nas mesas de negociación.

A perda de poder adquisitivo dos salarios foi unha constante ao longo dos últimos anos. Esixir ás administracións correspondentes a apertura de negociacións para recuperar este poder adquisitivo será unha prioridade de goberno.

A Universidade de Vigo conta cun colectivo de PAS con ampla experiencia que debe ser escoitado e que debe participar en todas as decisións que afecten as súas condicións de traballo.

#### Obxectivo 3.1. Mellora da política e xestión do PAS

##### **Accións**

1. Analizar e avaliar a situación presente do PAS da Universidade de Vigo mediante a posta en marcha dun programa de atención individual que permita que sexa escoitado, as súas demandas avaliadas, os problemas principais identificados así como as posibles solucións, co obxectivo de incrementar a identificación do PAS coa institución á que pertence.
2. Planificar o persoal e funcións do persoal de administración e servizos como parte fundamental na estratexia de mellora da universidade.
3. Avaliar a actual estrutura organizativa do Persoal de Administración e Servizos da Universidade, e planificación, negociación e execución das modificacións necesarias para corrixir as posibles disfuncións detectadas, sempre mediante unha política de revisión continua.

4. Respetar a negociación coa representación unitaria e/ou sindical en materias relacionadas coa política de PAS, buscando o máximo consenso e diálogo e revisando os instrumentos de negociación fundamentais.
5. Limitar os procesos de externalización de servizos só ás tarefas que non se poidan realizar polo PAS e non poñer en marcha novos servizos na universidade sen contar coa valoración do PAS implicado.
6. Ampliar os nomeamentos de PAS en direccións técnicas de servizos e limitar a designación de persoas alleas á Universidade de Vigo para funcións directivas a postos moi particulares, de ser o caso.
7. Establecer incentivos que valoren o rendemento do persoal a partir da consecución de obxectivos. Estableceranse plans piloto para valorar o seu funcionamento naquelas unidades que así o desexen.

### Obxectivo 3.2. Formación do PAS e mellora das condicións de traballo

#### Accións

1. Fomentar a formación mediante cursos adaptados a cada posto de traballo tendo presente o proceso de implantación de novos procedementos que se contempla de cara ós próximos anos, de xeito que este proceso se desenvolva con eficacia. Diversificar a oferta de formación con cursos relacionados co contido dos postos de traballo co fin de mellorar os resultados das tarefas realizadas.
2. Deseñar e executar plans de formación específica do PAS de acordo coas súas características de especialización e formación continua e promover incentivos que permitan o desenvolvemento da súa carreira profesional. Aumentar a realización de accións formativas dentro do horario laboral do PAS, con atención ás quendas de traballo.
3. Promover accións formativas relacionadas coa mellora do clima laboral (traballo en equipo, habilidades sociais, liderado, relacións interpersoais, entre outras).
4. Facilitar e incentivar a formación e acreditación lingüística en inglés e outras linguas estranxeiras, así como a capacitación dixital.

### Obxectivo 3.3. Mellorar as condicións laborais do PAS

#### Accións

1. Garantir a irreversibilidade dos dereitos laborais e as condicións de traballo.
2. Proporcionar oportunidades reais de promoción interna a todo o persoal, tanto funcionarios como laborais.

3. Diseñar unha política de persoal que garanta a estabilización e consolidación da man da revisión permanente da RPT e do seu axuste ás necesidades permanentes da Universidade.
4. Mellorar a normativa de permisos e excedencias co fin de favorecer a conciliación da vida laboral e persoal, así como paliar as situacións que implican atención a persoas dependentes, así como a normativa de adaptación do tempo de traballo coa mesma finalidade.

## Liña estratéxica 4: Unha política de profesorado estable que procure o relevo xeracional

O Persoal Docente e Investigador é o motor principal de xeración e transmisión de coñecemento que permite á Universidade de Vigo alcanzar a súa misión na sociedade. Somos conscientes de que os últimos anos foron especialmente complicados para o PDI da nosa universidade. Aínda nestas circunstancias adversas, o PDI da Universidade de Vigo desenvolveu as súas funcións con dedicación e responsabilidade. É necesario avaliar a situación presente do profesorado da Universidade de Vigo mediante a posta en marcha dun programa de atención individual que permita que este sexa escoitado, as súas demandas avaliadas, os problemas principais identificados, así como as posibles solucións, co obxectivo de incrementar a identificación do profesorado coa institución á que pertence.

Ao igual que no caso do PAS, o PDI sufriu unha perda de poder adquisitivo nos últimos tempos. Será unha prioridade de goberno esixir ás administracións correspondentes a apertura de negociacións para recuperar este poder adquisitivo.

As restricións financeiras tiveron como consecuencia un desequilibrio estrutural entre as necesidades docentes e investigadoras e os recursos humanos necesarios para garantir a súa calidade. O antedito é particularmente relevante no contexto actual, dado que nos últimos tempos a situación económica impediu desenvolver unha política de profesorado que contemplara a planificación a medio e longo prazo que sería desexable.

Neste novo escenario, é preciso levar a cabo unha política estratéxica de planificación dos cadros de profesorado. Esta política debe afrontar a substitución xeracional do persoal coa necesaria previsión e tamén definir con claridade a carreira profesional do PDI. Esta política debe ser un elemento central do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo. E no contexto desta estratexia é necesario implementar algunhas accións prioritarias dirixidas a reducir os impactos máis graves que tivo sobre o profesorado o actual marco legal e orzamentario.

Ao mesmo tempo, débense xestionar de forma sensata os recursos, o que require que todas as medidas sexan cuantificadas economicamente e avaliadas dende o punto de vista da súa viabilidade.

Xa que logo, débese deseñar e desenvolver unha política de profesorado estable que contemple tres eixos principais:

- A definición de obxectivos de crecemento específicos por ámbitos, que conduzan á posta en marcha de políticas tendentes ó equilibrio entre eles.
- A adopción consensuada de criterios de promoción estables a longo prazo. Estes criterios deberían contemplar, polo menos, a antigüidade na acreditación e a excelencia docente e investigadora do profesorado.
- A análise integral da actividade docente, investigadora, de transferencia e de xestión que o PDI desenvolve.

#### Obxectivo 4.1. Diseñar unha política estratéxica de planificación do PDI da Universidade

##### Accións

1. Analizar as necesidades estruturais dos cadros de profesorado atendendo a criterios obxectivos relativos á carga docente, envellecemento e equilibrio entre as diferentes figuras e categorías de profesorado. Fundamentar as políticas de PDI nesa análise estrutural por áreas de coñecemento e/ou ámbitos.
2. Poñer en marcha políticas tendentes a equilibrar os ámbitos a través da elaboración dun plan de choque para a redución dos desequilibrios docentes.

#### Obxectivo 4.2. Definir o modelo de progreso profesional das diferentes figuras de PDI

##### Accións

1. Establecer procedementos e criterios de promoción e funcionarización consensuados e estables. Planificar e ordenar a transición entre as diferentes categorías do PDI.
2. Reservar dentro da oferta pública de emprego da Universidade un número de prazas independentemente das necesidades docentes, para investigadoras e investigadores postdoutorais. A tal fin, estableceranse uns criterios claros, esixentes e permanentes que permitan ofrecer unha opción de consolidación a ese persoal.
3. Axustar a figura do profesorado asociado á súa definición legal e mellorar o seu tratamento en canto ás súas condicións laborais.

#### Obxectivo 4.3. Procurar unha carga docente que permita unha dedicación equilibrada do PDI ás súas actividades e facilitar que o PDI teña unha carga docente máxima de 240 horas

##### Acción

1. O profesorado con intensificacións Docente Intermedia (280 horas) ou Docente (320 horas) poderá reducir a súa carga docente ata as 240 horas presenciais. Esta redución irá vinculada á participación nun contrato-programa asociado á consecución de obxectivos específicos, propostos polo PDI, que se poderán referir a actividades de investigación, transferencia, docencia de calidade ou innovación docente, a desenvolver nun período anual ou bienal. O programa estará dotado, polo menos, con 7500 horas de docencia.

Obxectivo 4.4. Identificar e recoñecer a dedicación da actividade docente, investigadora, de transferencia e de xestión do PDI

#### **Accións**

1. Ter en conta a actividade docente, investigadora, de transferencia e de xestión desempeñada polo PDI valorando a súa verdadeira dedicación horaria. Empregar criterios obxectivos non restrinxidos aos sexenios.
2. Incorporar un factor de corrección no cómputo de horas para ter en conta a diferenza de carga de traballo que representa traballar con grupos numerosos de alumnado ou en diferentes campus, centros ou sedes.
3. Revisar a política de recoñecementos, mantendo as bolsas de centro para potenciar a súa autonomía e atender ás características particulares de cada contexto.
4. Ofertar aos centros a posibilidade de incluír TFG, TFM e Prácticum como computables no POD.

## Liña estratéxica 5: Mellora da docencia: formación para unha cidadanía crítica e capacitada profesionalmente

O obxectivo da universidade é formar persoas con capacidade de análise crítica e formación integral para a súa acción nunha sociedade democrática. A formación dunha cidadanía para a democracia é compatible coa formación do estudantado nas competencias profesionais das correspondentes áreas de coñecemento.

Para acadar este obxectivo a Universidade de Vigo apoia o desenvolvemento dun plan de mellora da docencia que contemplará a revalorización do labor docente, o deseño dun programa de formación do profesorado e dunha nova política de innovación educativa, o impulso dos estudos de posgrao e a posta en marcha dun programa de formación transversal. Cómpre ter presente que o destinatario da docencia é o colectivo de estudantes e que a finalidade dos procesos de ensino é a aprendizaxe.

É prioritario apostar por unha política de estudos de posgrao encamiñada á diferenciación da Universidade mediante a identificación e potenciación de estudos de interese estratéxico. Esta aposta debe contemplar tanto unha mellora do financiamento da docencia como un maior apoio administrativo para a xestión dos estudos de posgrao.

É necesario deseñar e poñer en funcionamento un plan de formación transversal para o estudantado, o profesorado e o persoal de administración e servizos que asegure unha formación integral de toda a comunidade universitaria. É preciso elaborar e aplicar un ambicioso programa que fomente o debate e a transferencia de coñecemento inter-ámbitos co obxectivo de fomentar a capacidade crítica da comunidade propiciando o seu medre cultural.

**Obxectivo 5.1. Establecer unha estratexia de titulacións universitarias e formación propia e abordar a renovación da organización académica**

### **Accións**

1. Defender dende a Universidade de Vigo a continuidade de todas as titulacións de Grao existentes que teñen demanda. Esta defensa será aínda máis decidida no caso daquelas que posúen unha demanda menor, pero están a desenvolver plans estratéxicos que aspiran á consolidación da titulación.
2. Avaliar e actualizar a planificación docente para graos e mestrados universitarios.
3. Identificar e potenciar estudos de posgrao, doutoramento e títulos propios de interese estratéxico para a Universidade de Vigo.



4. Potenciar a implicación dos Centros na coordinación dos títulos de Grao e Mestrado que se imparten neles. Analizar e negociar as propostas que sobre a organización docente dos títulos xurdan dos equipos directivos dos Centros de cara a mellorar a docencia e adaptala ás necesidades formativas. Estas propostas poderán abranguer aspectos como o número de créditos, tratamento dos TFG/TFM, plans de internacionalización, etc.
5. Deseñar e executar un plan de modernización dos equipamentos docentes da universidade a curto e medio prazo e priorizar o incremento do financiamento da docencia, dentro das posibilidades que ofrezca o marco orzamentario.
6. Comprometer o financiamento para a posta en marcha das titulacións de nova implantación mediante unha axeitada planificación dos investimentos necesarios para acadar unha docencia de calidade.
7. Garantir o dereito do estudiantado para participar nas ensinanzas tanto teóricas como prácticas independentemente de que estes sexan de primeira matrícula ou de segundas e sucesivas matrículas.
8. Defender a equiparación dos prezos públicos das ensinanzas de mestrado que habiliten para o exercicio de actividades profesionais e aquelas que habilitan para o exercicio de profesións reguladas en España, cos prezos públicos dos estudos de grao.
9. Mellorar o apoio administrativo aos Graos e Mestrados a través das unidades de xestión nos centros.
10. Revisar o grao de presencialidade e adaptar a distribución en grupos, segundo a metodoloxía docente, respectando as posibilidades orzamentarias. Consideraranse as diferenzas existentes entre campus, ámbitos, centros, áreas e, mesmo, entre distintas titulacións que coexisten no mesmo centro pero con diferenzas salientables.
11. Explorar vías que faciliten a simultaneidade dos estudos de máster coa realización do Traballo de Fin de Grao e establecer medidas para que o estudiantado se poida matricular do TFG/TFM cando estea en condicións de proceder á súa defensa.
12. Estreitar as relacións institucionais coas outras universidades, en particular no caso dos mestrados interuniversitarios no ámbito do SUG, a fin de conseguir acordos marco que axuden na aproximación das condicións (matrícula, calendario, plataformas virtuais de ensino...) e na homoxeneización dos indicadores empregados nos procesos de seguimento e acreditación das titulacións.
13. Redefinir a EIDO como un centro de xeito que sexa recoñecible polo estudiantado de doutoramento como o seu lugar de acollida e referencia na universidade.
14. Renovar e actualizar no marco dos novos estatutos a normativa de Títulos Propios.
15. Ofrecer formación especializada a institucións e empresas que o demanden mediante o establecemento dos convenios correspondentes.

16. Potenciar o programa para maiores da Universidade dotándoo dunha estrutura organizativa axeitada ó seu interese estratéxico e a súa magnitude en termos de número de persoas matriculadas. Fomentar a internacionalización do programa mediante a participación en convocatorias do programa Erasmus ou equivalentes.

#### **Obxectivo 5.2. Revalorizar o labor docente e apostar pola innovación educativa como promotor de cambios nas prácticas educativas**

##### **Accións**

1. Diseñar e executar un plan integral de formación do profesorado que inclúa un itinerario formativo que teña en conta as diferentes situacións do colectivo de PDI, que aborde aspectos xerais tales como formación en competencias docentes, metodoloxías ou avaliación, e tamén aspectos específicos referidos a diferentes ámbitos e áreas de coñecemento.
2. Diseñar e poñer en marcha un plan de innovación educativa encamiñado ao desenvolvemento de accións e intervencións educativas que faciliten unha mellora dos procesos de aprendizaxe do colectivo de estudantes.

#### **Obxectivo 5.3. Mellorar os procedementos de avaliación da calidade docente do profesorado**

##### **Acción**

1. Revisar o programa DOCENTIA mediante un proceso de análise, debate e negociación, que conduza ao establecemento de criterios acordados maioritariamente e que permitan unha avaliación efectiva da calidade docente.

#### **Obxectivo 5.4. Avanzar na formación integral do colectivo de estudantes, profesorado e persoal de administración e servizos**

##### **Acción**

1. Diseñar e executar un plan de formación transversal que facilite o debate e a transferencia de coñecemento inter-ámbitos co obxectivo de fomentar a capacidade crítica da comunidade propiciando o seu medre cultural.

## Liña estratéxica 6: Apoio ao estudantado e á súa empregabilidade

O conxunto de estudantes é prioridade máxima e razón de ser da universidade. Por esa razón fundamental, o estudantado debe ter unha participación especialmente activa no desenvolvemento das políticas universitarias e deben ser obxecto dunha especial atención. A concepción do estudantado como cliente é o produto dunha concepción mercantilista claramente lonxe da súa primixenia razón de ser como servizo público dedicado á xeración e transmisión do saber. Sen dúbida, a universidade debe xerar persoal cualificado para o sistema económico, pero o seu obxectivo prioritario é formar persoas con capacidade de análise crítica, preparadas integralmente para a súa responsabilidade cívica nunha sociedade democrática. A formación dunha cidadanía para a democracia é compatible coa formación do estudantado nas competencias profesionais das correspondentes áreas de coñecemento. É necesario, por tanto, crear novos programas de formación complementaria que aborden esta limitación mediante o fomento da formación transversal inter-ámbitos de coñecemento, así como a incorporación das e dos estudantes ó proceso de xeración de coñecemento e de impulso da innovación dende as primeiras fases do seu proceso formativo. Nesta mesma liña, a inserción laboral debe constituír tamén un obxectivo prioritario das universidades.

### Obxectivo 6.1. Formación integral do estudantado

#### **Accións**

1. Revisar o regulamento de avaliación, cualificación e calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado da Universidade de Vigo.
2. Elaborar e poñer en marcha un plan de desenvolvemento de capacidades culturais, artísticas, sociais e deportivas.
3. Impulsar un programa de acompañamento e axuda académica, administrativa e xurídica ao conxunto de estudantes para a resolución de problemas ou dificultades nas relacións con outras institucións.
4. Implantar un plan de fomento da igualdade, diversidade e inclusión co desenvolvemento de actividades formativas e a inclusión transversal nos programas formativos de competencias e valores como a responsabilidade, a tolerancia, o espírito crítico, o rigor e o compromiso social.
5. Fomentar a participación do estudantado en programas de voluntariado.
6. Incrementar o recoñecemento e apoio ás organizacións estudantís e a difusión das súas actividades.

## Obxectivo 6.2. Incremento da participación activa nas políticas universitarias

### Accións

1. Poñer en marcha o Consello de Estudantes da Universidade de Vigo.
2. Desenvolver mecanismos de visibilidade institucional dos representantes de estudantes.
3. Fomentar a participación de estudantes de recente ingreso en órganos representativos (delegación de estudantes, xunta de centro...).
4. Fomentar o asociacionismo estudantil e apoiar a participación en asociacións e órganos de representatividade estudantil interuniversitarios.
5. Manter a ligazón dos egresados/as coa Universidade para compartir coñecementos e capacidades.

## Obxectivo 6.3. Reforzo da acción social para as e os estudantes

### Accións

1. Posta en marcha dun plan para atender as necesidades de colectivos en situación de especial vulnerabilidade e, en especial, por motivos de necesidades educativas específicas.
2. Desenvolver mecanismos de garantía para que calquera estudante da Universidade de Vigo teña acceso á totalidade do proceso formativo independentemente da situación económica familiar ou persoal e de calquera outra circunstancia sobrevida.

## Obxectivo 6.4. Impulso da empregabilidade

### Accións

1. Reforzar e estender o plan integral de empregabilidade dos e das estudantes da Universidade de Vigo sustentado no reforzo das prácticas preprofesionais, das feiras de emprego, da formación complementaria en competencias transversais e da orientación profesional.
2. Reforzar e estender os plans de mentorización de pares, xa desenvolvidos nalgúns centros, así como a mentorización externa. O fomento da mentorización promoverase nas diferentes etapas: acollida, titulación de grao, e preprofesional cara ó emprego. Procurarase o cofinanciamento deste plan nas institucións e nos axentes económicos.

3. Desenvolver a plataforma centralizada de xestión das prácticas con empresas como ferramenta central que recolla a totalidade da oferta de prácticas da universidade.
4. Incrementar de xeito substancial a oferta de prácticas preprofesionais para o estudiantado e egresados recentes e aprobación dunha nova normativa de prácticas preprofesionais, con procedementos de seguimento no que participen as titorías e as empresas.
5. Desenvolver un Programa de Bolsas de Colaboración propias da Universidade de Vigo para estudiantado de grao e posgrao que permita o desenvolvemento de proxectos innovadores desenvolvidos nos grupos de investigación. Márcase como obxectivo que 600 estudantes gocen destas bolsas ao longo dos próximos catro anos.
6. Desenvolver programas de colaboración entre mestrados ou agrupamentos de mestrados e empresas orientados á incorporación do estudiantado á actividade profesional.
7. Poñer en marcha un servizo de asesoramento ao estudiantado para a elaboración de solicitudes de bolsas/contratos predoutorais.
8. Proporcionar asesoramento para a realización do primeiro contrato en prácticas aos egresados recentes.
9. Impulsar os programas de formación para o emprendemento no ámbito universitario, como Incuvi-Emprende, desenvolvendo campañas de acompañamento e orientación do noso estudiantado e titulados incorporados a estes programas e fortalecendo a colaboración con entidades da contorna envolvidas no eido do emprendemento.
10. Avaliar a posibilidade de aproveitar a experiencia do estudiantado senior da universidade de cara ó desenvolvemento de actividades orientadas ao asesoramento e a inserción laboral do estudiantado.

## Liña estratéxica 7: Apoio á investigación e á transferencia: unha Universidade con capacidade de atraer talento

A Universidade debe definir a súa estratexia de investigación a longo prazo, identificando as súas fortalezas, debilidades e as liñas de investigación estratéxicas, especialmente nos campus de especialización e centros e agrupamentos de investigación. É preciso fomentar a internacionalización e transferencia dos centros de investigación singulares, agrupamentos estratéxicos e grupos de investigación consolidados.

Débase prestar apoio a grupos precompetitivos ou en risco de perda de competitividade co obxectivo de manter a súa actividade investigadora. É necesario “rescatar” ao persoal investigador de todos os ámbitos, que, desenvolvendo un traballo de calidade, se atopa nestes momentos en situacións límite debido ao descenso dos fondos de investigación dispoñibles a todos os niveis e, en especial, nas áreas xurídicosociais, de artes e de humanidades.

O impulso da transferencia de coñecemento mediante o fomento da creación de empresas de base tecnolóxica e a posta en marcha de polos de transferencia e innovación sectoriais será unha prioridade da acción de goberno.

Por outra parte, a calidade das universidades é o resultado do traballo das persoas que nela desenvolven a súa actividade. Polo tanto, a incorporación e a consolidación na nosa universidade de profesionais da máxima excelencia docente e investigadora debe ser un obxectivo prioritario da nosa institución. É preciso deseñar e poñer en marcha instrumentos que permitan a captación e retención de profesionais de relevancia internacional que mellorarán a proxección internacional da nosa universidade.

### Obxectivo 7.1. Apoiar a investigación na nosa Universidade

#### **Accións**

- 1- Proporcionar apoio aos grupos de investigación consolidados da universidade na elaboración de proxectos altamente competitivos e a través do cofinanciamento de persoal técnico de apoio.
- 2- Poñer en marcha plans de acción individualizados de intensificación da investigación en grupos precompetitivos en todos os ámbitos, en especial, no xurídicosocial, nas artes e nas humanidades.
- 3- Desenvolver contratos-programa de pequena contía destinados a grupos produtivos que non dispoñan de financiamento na actualidade. Crear unha convocatoria de axudas-ponte para grupos que solicitan Proxectos de investigación competitivos (Axudas de Consolidación da Xunta de Galicia, Plan Estatal, Europeos) que estando ben cualificados non obteñan financiamento.

- 4- Fomentar a participación en convocatorias de proxectos distintas ás habituais (Plan Estatal), con especial énfase nas convocatorias europeas, reforzando o persoal técnico de apoio existente na actualidade para tal fin.
- 5- Reorganizar o Servizo de Apoio á investigación e definir claramente as funcións coa vista posta na especialización do seu persoal.
- 6- Impulsar o aumento do número de grupos de referencia e de potencial crecemento mediante a identificación de sinerxías e potenciais colaboracións que dean lugar á creación de grupos coa dimensión necesaria para participar con éxito nas convocatorias de financiamento.
- 7- Avaliar o actual catálogo de servizos tecnolóxicos, de investigación e comunicación para racionalizar e optimizar o seu uso.
- 8- Revisar os criterios de avaliación da produción científica á realidade das áreas dos diferentes ámbitos, en especial aos de Humanidades, Artístico e Xurídico-Social.
- 9- Aumentar os incentivos á publicación de artigos en revistas de alto impacto.
- 10- Redefinir o servizo de publicacións potenciando a edición dixital e aumentando as oportunidades naquelas áreas con dificultades para a publicación de traballos en inglés.
- 11- Mellorar as capacidades de divulgación da Universidade e a súa consideración na sociedade mediante a recuperación da Unidade de Cultura Científica, propiciando as sinerxías entre ámbitos e áreas.

## Obxectivo 7.2. Potenciar os Centros Singulares e os Agrupamentos Estratéxicos de investigación

### Acción

- 1- Fomentar a definición de obxectivos concretos nos Centros Singulares e Agrupamentos que vaian alén do sumatorio das liñas de investigación dos grupos que forman os centros. Estes deberán procurar a optimización dos recursos, a internacionalización mediante a alianza con centros de referencia internacional e a captación de talento da máxima calidade. Esta acción debería permitir optar a convocatorias tales como María de Maeztu ou Severo Ochoa.

### Obxectivo 7.3. Captar e reter talento investigador de calidade

#### Accións

- 1- Incorporar investigadoras e investigadores sobresaíntes tanto nacionais (ex. procedente do programa “Ramón y Cajal”) coma internacionais, a través dun programa activo de captación que contribúa a reforzar tanto os ámbitos de especialización da universidade como aqueles que aínda se atopan en posición precompetitiva.
- 2- Retomar o programa de retención de talento mediante a convocatoria de contratos postdoutorais de a lo menos tres anos de duración co obxectivo de favorecer a participación das investigadoras e investigadores postdoutorais máis salientables en convocatorias como “ERC Starting Grant”, “Ramón y Cajal”, e similares, ou na propia oferta pública de emprego da Universidade.

### Obxectivo 7.4. Fomentar a transferencia de coñecemento

#### Accións

1. Elaborar un plan de promoción e marketing das capacidades de I+D da universidade, coa finalidade de comunicar á sociedade a vocación de responder ás necesidades de innovación social, empresarial e industrial da nosa contorna.
2. Establecer colaboracións con institucións e coa contorna socioeconómica, alén dos que manteñen os grupos e que se reflicten en contratos e proxectos colaborativos. A relación cos clústeres, agrupacións e empresas resulta crucial para que a nosa universidade se converta nun importante aliado estratéxico.
3. Analizar, avaliar e, no seu caso, reorientar, a colaboración entre a Universidade e os Centros e Plataformas Tecnolóxicas de cara a optimizar o rendemento das accións conxuntas desenvolvidas para as organizacións e institucións participantes.
4. Crear un fondo propio de financiamento para apoiar os resultados da investigación para probas de concepto e maduración de resultados, que permitise a utilización do coñecemento na contorna socioeconómica.
5. Potenciar as cátedras Universidade-empresa-institución existentes e fomentar a creación de novas cátedras destas características.
6. Deseñar e executar unha estratexia específica de transferencia de coñecemento nos ámbitos humanístico, xurídico-social e artístico que sexa capaz de potenciar estas áreas, identificar oportunidades e cubrir as necesidades da nosa sociedade nestes eidos.
7. Realizar apoio personalizado cos recursos necesarios, dende a Oficina de I+D, aos grupos de I+D para orientar as súas actuacións de transferencia.



8. Diseñar unha estratexia de valorización e explotación de resultados que favoreza a correcta utilización da figura de licenciamento e, especialmente, a creación de spin-off como vía para a xeración de emprego cualificado e explotación do coñecemento.
9. Coordinar as accións dos diferentes instrumentos dispoñibles no ámbito da transferencia (Oficina I+D, FEUGA, Xestores de transferencia dos Centros Singulares e Agrupamentos Estratéxicos, etc.) de cara a aumentar o contacto con empresas e ofrecerlles os servizos dos grupos de investigación.
10. Optimizar e facer máis eficiente o proceso de revisión de contratos con empresas e axilizar a xestión administrativa dos contratos de I+D con empresas habilitando, de ser necesario, a xestión dos mesmos a través da Fundación Universidade de Vigo unha vez modificadas as súas funcións.

## Liña estratéxica 8: Internacionalizar a Universidade, internacionalizar o noso estudantado

Como universidade pública, que ten que atender preferentemente á sociedade próxima, débese facer un esforzo importante na internacionalización das nosas e dos nosos estudantes, abrindo o maior número posible de programas de mobilidade internacional e dando alternativas ós que, por motivos económicos ou doutra índole, non poden acceder á realización de estudos en países estranxeiros.

É preciso reforzar, polo tanto, a internacionalización do estudantado na propia universidade favorecendo a presenza de alumnas e alumnos estranxeiros nas nosas aulas e mediante a intensificación dos itinerarios en linguas estranxeiras e a internacionalización do currículo en todas as titulacións.

### Obxectivo 8.1. Profundar na internacionalización do estudantado

#### **Accións**

1. Adoptar coma referencia o Documento Marco de Política Lingüística para a Internacionalización do Sistema Universitario Español aprobado por unanimidade por todas as universidades pertencentes á CRUE e manter a posición de liderado que a nosa universidade ten no ámbito da política lingüística a nivel estatal.
2. Facilitar ó estudantado a adquisición dun nivel B1 nalgunha lingua estranxeira ó longo do período dos seus estudos de grao, sempre en liña co documento marco arriba mencionado.
3. Avanzar no plurilingüismo na docencia. Aumentar o número de materias impartidas en linguas estranxeiras, fomentando que en determinadas titulacións se chegue a impartir un curso completo noutra lingua.
4. Aumentar os cursos de formación en linguas estranxeiras para o profesorado, e un maior volume de acreditacións de nivel do persoal docente. Fomentar a participación do profesorado mediante recoñecementos en POD, en particular no curso de implantación da materia.
5. Favorecer a implantación de titulacións online ou semipresenciais de carácter internacional, principalmente no correspondente á formación de mestrado.
6. Ter en conta a todos os efectos na organización docente (PDA, POD) ao estudantado estranxeiro matriculado nos nosos centros no marco de programas de intercambio.
7. Fomentar o plan de internacionalización poñendo a disposición dos centros o persoal de apoio necesario en función das necesidades de cada centro, que colaborarán co persoal encargado de Relacións Internacionais.

8. Manter e potenciar o programa ODIE, con materias só para o estudiantado de programas de intercambio.
9. Establecer medidas de difusión e axuda para o estudiantado na procura de prácticas profesionais internacionais no eido do programa Erasmus+, e construír unha base de datos de empresas internacionais dos distintos sectores de interese para as titulacións da Universidade de Vigo.
10. Potenciar e por en marcha novas medidas de internacionalización en casa, como por exemplo a través de materias COIL.

## Obxectivo 8.2. Facilitar ferramentas de apoio lingüístico á comunidade universitaria

### Accións

1. Ofrecer formación específica a toda a comunidade universitaria, estudiantado, PAS e PDI, en competencias de linguaxe oral e escrita académica.
2. Continuar o desenvolvemento do Centro de Linguas, garantindo a elevada calidade docente do mesmo, mellorando as condicións laborais do profesorado propio do Centro e recoñecendo axeitadamente a actividade do profesorado do cadro de persoal da universidade que poida colaborar nas actividades do centro. Facilitar a súa formación e adaptación ós requisitos de calidade de ACLES.
3. Aumentar o catálogo de cursos de formación en linguas (p. ex.: alemán, chinés, portugués) e fomentar o emprego de plataformas de e-learning para a impartición destes cursos.

## Obxectivo 8.3. Aumentar a oferta de títulos con compoñente internacional

### Accións

1. Fomentar a creación de convenios de dobre titulación internacional. Compre neste senso traballar con especial énfase no ámbito Europeo e nas rexións onde a situación xeográfica e lingüística sexa máis favorable.
2. Progresar no establecemento de alianzas estratéxicas docentes con institucións estranxeiras, aproveitando colaboracións xa existentes. Fomentar en particular a colaboración no espazo da lusofonía coas universidades portuguesas e da África lusófona.

## Obxectivo 8.4. Potenciar a actividade da Oficina de Relacións Internacionais

### Accións

1. Reforzar os recursos humanos na Oficina de Relacións Internacionais dedicados á procura de programas e realización de solicitudes de proxectos internacionais, entendendo a importancia do seu labor de apoio ós investigadores facilitando oportunidades de participación en consorcios e propostas de proxectos internacionais.
2. Reforzar a participación nas distintas Accións Erasmus+. Cómpre incidir nos programas Erasmus+ KA2 Strategic Partnerships for Higher Education e CBHE Capacity Building no que a institución se atopa moi ben posicionada.
3. Potenciar “equipos tándem” (alumnado español que colabore na atención a alumnado estranxeiro e que busquen intercambios de conversación nas súas respectivas linguas) que xa a ORI lanzou hai anos. Dotar de estrutura a estes equipos e establecer os correspondentes recoñecementos de créditos á participación dos estudantes.

## Obxectivo 8.5. Fomentar a cooperación internacional para o desenvolvemento

### Accións

1. Fomentar e apoiar á elaboración de proxectos de cooperación internacional para o desenvolvemento, especialmente nas áreas xeográficas de interese estratéxico para a Universidade como, por exemplo Sudamérica, América Central e a África Lusófona.
2. Impulsar proxectos de cooperación ao desenvolvemento institucionais liderados polos diferentes campus de especialización, centros, departamentos, unidades, etc. da universidade.

## Liña estratéxica 9: Universidade da igualdade e do benestar

A Universidade de Vigo débese converter na Universidade da igualdade de oportunidades para todas as persoas, sen que poida existir discriminación algunha por razóns económicas, de etnia, sexo, discapacidade, orientación e identidade sexual, relixión, cultura, extracción social, idade, opinión nin condición ou circunstancia persoal nin social. Camiñar cara á igualdade e erradicar as discriminacións directas e indirectas é a esencia da universidade pública.

É necesario reforzar a acción social da Universidade para o que se procurará a colaboración con outras entidades do entorno. Calquera estudante da Universidade de Vigo deberá ter acceso á totalidade do proceso formativo independentemente da situación económica familiar ou persoal e de calquera outra circunstancia.

Débense atender ás necesidades de colectivos en situación de especial vulnerabilidade por calquera das razóns indicadas e, en particular, por motivos de necesidades educativas específicas.

A política de igualdade de xénero, debe ser transversal e debe pasar da fase de diagnose e sensibilización á da elaboración e aplicación dun plan de acción, baseado nas debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades existentes, con medidas concretas, cuantificado economicamente e sometido a un seguimento baseado en indicadores de desempeño significativos. Os plans elaborados débense inserir no Plan Estratéxico da nosa universidade.

### **Obxectivo 9.1. Converter a Universidade de Vigo nun referente en igualdade, recoñecemento da diversidade e inclusión**

#### **Accións**

1. Loitar contra as discriminacións polas diferentes causas, desde unha perspectiva integral, asegurar o asesoramento e defensa de persoas da comunidade universitaria vítimas de discriminación, ou acoso sexual ou doutra índole. A atención á incidencia nas situacións de risco de exclusión social, á difusión, divulgación, transferencia de coñecemento e investigación na temática de igualdade, non discriminación e inclusión social será unha prioridade.
2. Elaborar un plan de atención á diversidade, que inclúa actuacións destinadas á inclusión de todas as persoas, baseado no respecto polas diferencias. Realizaranse accións nas que se atenda á diversidade e se loite contra os estereotipos reforzando os dereitos á intimidade e á liberdade de expresión neste campo, integrando estas accións nas políticas de bo goberno da Universidade.
3. Desenvolver programas específicos de emprego para a activación de persoas con diversidade funcional que teñan presentes as barreiras físicas e sociais que impiden ou dificultan a plena integración destas persoas na comunidade universitaria

4. Establecer canles de cooperación con entidades públicas e privadas cuxos fins se dirixan á igualdade, á non discriminación e á inclusión social.

**Obxectivo 9.2. Garantir o acceso de todo o estudiantado á totalidade do proceso formativo independentemente da situación económica familiar ou persoal e de calquera outra circunstancia**

#### **Accións**

1. Executar un protocolo de identificación de estudiantado en situación de dificultades económicas sobrevidas en colaboración cos Centros.
2. Revisar a normativa de concesión de axudas e reforzar o número de bolsas destinadas ao estudiantado exposto a dificultades económicas sobrevidas.
3. Reforzar o plan de atención a estudantes con necesidades educativas de apoio específico.

**Obxectivo 9.3. Desenvolver unha política de igualdade de xénero, que incorpore esta perspectiva de maneira transversal en todas as actuacións da Universidade**

#### **Accións**

1. Potenciar a Unidade de Igualdade, dirixida por persoas expertas en xénero e políticas de igualdade, mediante a dotación de recursos humanos e económicos, na medida da dispoñibilidade orzamentaria, axeitados a súa finalidade de promover o respecto e a igualdade de dereitos e oportunidades de mulleres e homes no seo da nosa institución.
2. Elaborar e aplicar un plan de acción, baseado nas debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades existentes, con medidas concretas, cuantificado economicamente e sometido a un seguimento baseado en indicadores de desempeño significativos.
3. Valorar os proxectos de investigación, innovación ou transferencia en xénero. Recuperar a Cátedra de Estudos Feministas a fin de levar a cabo proxectos de investigación e transferencia con perspectiva de xénero.
4. Promover a elaboración dun plan de formación de profesorado, PAS e estudantes en xénero e políticas de igualdade.
5. Visualizar os logros das alumnas egresadas no seu desenvolvemento profesional para ofrecer referentes positivos de mulleres ao colectivo de estudantes e amosar as achegas das profesoras da Universidade de Vigo e, en particular, as referentes a estudos de xénero.

6. Inserir en plans de acción concretos o protocolo de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual na Universidade de Vigo.
7. Establecer políticas de acción positiva na promoción profesional e garantir unha composición equilibrada en todos os órganos de decisión, avaliación e selección de persoal.

#### Obxectivo 9.4. Contribuír á conciliación da vida laboral, persoal e familiar

##### Accións

1. Mellorar a normativa de permisos e excedencias para coidado de maiores e de menores, coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e persoal de PAS, PDI e estudantes, e posibilitar a corresponsabilidade familiar e a carreira profesional ou educativa.
2. Mellorar os dereitos de presenza das persoas PDI, PAS e estudantes con responsabilidades familiares nas cadansúas obrigas laborais e formativas mediante medidas acaídas: adaptación dos tempos, servizos e axudas para que o cumprimento das mesmas lles sexa posible e non lles produza cargas desproporcionadas. Neste contexto, adoptaranse medidas de acción positiva a prol das mulleres.
3. Incorporar en todas as convocatorias da universidade unha compensación temporal nos méritos curriculares equivalente ou maior que o permiso por maternidade ou paternidade, posibilidade xa contemplada nos complementos de excelencia da Xunta e nalgunhas convocatorias da Administración General del Estado. Avaliarase a posibilidade de ampliar a licenza maternal en dous meses máis con cargo aos presupostos da universidade.
4. Avaliar a viabilidade de estender o Campus Camp ao período de vacacións de decembro, primavera e sábados pola mañá.
5. Promover a creación dunha escola infantil no Campus de Vigo, semellante ás existentes nos campus de Ourense e Pontevedra. Fomentar acordos con escolas infantís, centros de día e residencias de maiores.
6. Crear salas de lactancia en todos os centros en condicións dignas.
7. Estender a axuda social da universidade á maternidade e paternidade a todos os sectores e categorías.

Obxectivo 9.5. Converter a Universidade nun axente promotor dun estilo de vida activo e saudable, en particular mediante o compromiso coa práctica de actividade físico-deportiva

#### Accións

1. Poñer en marcha un programa integral que coordine as accións que se están a desenvolver neste ámbito nas áreas e servizos da Universidade de Vigo, como as de Benestar, Saúde e Deporte, Prevención de Riscos Laborais, Gabinete Psicopedagóxico, Igualdade, Oficina de Medio Ambiente, así como con comedores, residencias, mobilidade, etc.
2. Adaptar os menús dos comedores universitarios a unha vida máis saudable e a necesidades especiais.
3. Reforzar o programa de vixilancia da saúde dotándoo dos recursos humanos necesarios para o seu correcto funcionamento, dentro das posibilidades orzamentarias.
4. Desenvolver plans de acción dirixidos á mellora da actitude cara ás actividades físico-deportivas e facilitar ambientes favorables de promoción de saúde e de actividade física, dotando aos campus dos recursos necesarios para a promoción da actividade física e do deporte dun xeito regular.
5. Incentivar a capacidade de liderado das delegacións de alumnas e alumnos dos centros, para que constitúan seccións de actividade física e deportiva, facilitando e apoiando o desenvolvemento das actividades propostas por estas seccións.
6. Desenvolver políticas de acción afirmativa cara aos colectivos máis vulnerables no que a práctica físico-deportiva se refire.
7. Potenciar as actividades físicas no medio natural, mediante o reforzo dos programas Augaventura, Delecer e Rutas Culturais.
8. Reforzar o programa de “Centros Deportivos Abertos” mediante acordos con ximnasios e centros deportivos das cidades e vilas do territorio de influencia da Universidade.



## Liña estratéxica 10: Universidade da sociedade e para a sociedade

A Universidade de Vigo ten que ser unha universidade útil para a sociedade galega en todos os seus ámbitos de actuación: a formación, a investigación, a transferencia de coñecemento e a dinamización social.

A imbricación na súa contorna non é só un obxectivo e unha obriga da universidade pública, senón que no caso da Universidade de Vigo, é estratéxicamente necesaria para minorar a nosa exposición a condicións adversas. A Universidade débese implicar intimamente na vida diaria de Ourense, Pontevedra e Vigo e nas vilas da súa contorna e debe estar presente e ser protagonista nos seus debates sociais, económicos, xurídicos, artísticos, culturais, científicos, educativos e tecnolóxicos.

As actividades culturais e artísticas non só deben ser parte da formación transversal integral do alumnado, senón que tamén son as máis visibles na sociedade e que permiten mellor dialogar con ela e reverter nela parte do que pode ofrecer a universidade. Por iso, deben ser potenciadas, aínda que, para vinculalas á sociedade, as accións culturais se deberían realizar en colaboración con outros axentes culturais e entidades da contorna.

Unha universidade útil para a sociedade debe prestar especial atención a un dos elementos esenciais da cultura de Galicia, a nosa lingua. Entendemos que a lingua galega debe ter un papel relevante na Universidade de Vigo. É necesario deseñar e executar unha acción estratéxica que fomente o uso do galego na impartición da docencia e na creación, difusión e divulgación científica.

A transcendencia desta misión xustifica que estas responsabilidades recaian directamente na Reitoría.

### **Obxectivo 10.1. Reforzar a inserción da Universidade de Vigo no contorno social**

#### **Accións**

1. Poñer en marcha un Foro da Universidade en colaboración cos medios de comunicación locais e outros axentes. Será un instrumento axeitado para canalizar a presenza social da universidade no seu ámbito territorial e constituirá un espazo para o debate sobre cuestións de interese na sociedade a fin de manter un diálogo continuo entre universidade e sociedade.
2. Desenvolver un programa de actividades nas sedes institucionais dos centros das cidades.
3. Crear un programa de cátedras itinerantes como ferramenta de divulgación do coñecemento xerado na universidade. Estas cátedras desenvolverán o seu labor nas vilas do ámbito territorial da Universidade en colaboración coas entidades locais.

4. Diseñar dun programa de formación e información para a cidadanía sobre temáticas de interese social utilizando estratexias alternativas de comunicación.
5. Crear redes de persoas egresadas e xubiladas para aproveitar este capital intelectual para a proxección e relación da universidade co contorno.

## Obxectivo 10.2. Mellorar a visibilidade e a imaxe da Universidade de Vigo

### Accións

1. Redeseñar o DUVI para convertelo nun xornal dixital interactivo, reforzando a súa compoñente audiovisual e potenciando a súa conexión coas redes sociais.
2. Potenciar a UVIGO TV como canle de produción e difusión propia de contidos audiovisuais.
3. Mellora da web institucional e estandarización das webs dos centros, departamentos, grupos de investigación, etc.
4. Crear un programa destinado a mellorar a visibilidade da universidade nos novos medios, como redes sociais.
5. Dispoñer dun repositorio de materiais accesible a toda a cidadanía que inclúa publicacións, artigos, materiais audiovisuais, fotográficos, etc., organizados nunha plataforma de uso sinxelo.
6. Visibilizar á Universidade de Vigo a través da participación en competicións deportivas.

## Obxectivo 10.3. Conectar a Universidade cos centros educativos

### Accións

1. Reforzar o Servizo de Información ao Estudante dotándoo dos medios necesarios, na medida das dispoñibilidades orzamentarias, para que se converta nun auténtico departamento de márketing da Universidade cara o futuro estudantado.
2. Mellorar a imaxe da Universidade en feiras educativas mediante a elaboración de novos materiais de promoción.
3. Fomentar a participación do profesorado na difusión da oferta educativa dos centros e titulacións da universidade, en coordinación cos equipos directivos dos centros.
4. Diseñar e executar unha convocatoria de premios e actividades nos tres campus destinado ó estudantado de ensino secundario e bacharelato.

5. Crear un repositorio de recursos docentes (presentacións temáticas, imaxes e vídeos, segmentados por centros e áreas de especialización, etc.) de libre utilización por parte do profesorado dos centros educativos de ensino primario, secundario e bacharelato.

#### Obxectivo 10.4. Fomento da lingua e da cultura galega

##### Accións

1. Diseñar e executar unha acción estratéxica que fomenta o uso do galego na docencia e na difusión e divulgación científica para crear actitudes positivas cara á lingua propia.
2. Reforzar aquelas actividades de dinamización que teñen unha traxectoria consolidada na nosa institucións, como certames, cursos ou axudas á investigación.
3. Promover a elaboración de estudos e informes sobre a lingua e a cultura galegas.
4. Facilitar o achegamento á lingua e á cultura galegas ao alumnado estranxeiro ou procedente doutras comunidades.
5. Impulsar o uso do galego nas redes sociais e nas TIC.
6. Fomentar a relacións con outras entidades relacionadas coa lingua e a cultura galegas.

#### Obxectivo 10.5. Potenciación das actividades culturais e artísticas como instrumento de interacción coa sociedade

##### Accións

1. Elaborar unha estratexia de acción cultural externa con obxectivos claros que contemple a desconcentración dos campus, faga un maior fincapé na internacionalización e a contemporaneidade e aproveitando as fortalezas dos Campus de Especialización da Universidade.
2. Ofertar, tanto nas tres cidades da universidade como nas vilas principais, actividades culturais diversas (ciclos de cine, recitais poéticos, exposicións, obradoiros) en lugares emblemáticos para o que será necesario asinar convenios con concellos implicados.
3. Crear unha axenda cultural da Universidade de Vigo amplamente difundida a través dos distintos medios de comunicación das cidades e vilas nas que se asenta a Universidade.

## Liña estratéxica 11: Desenvolvemento da especialización dos Campus de Ourense, Pontevedra e Vigo-Centro

A Universidade de Vigo é diversa dende o punto de vista disciplinar, diversa na súa situación xeográfica e diversa na súa estratexia de especialización. Esta diversidade, lonxe de constituír unha limitación, é unha gran fortaleza da nosa institución e debe ser recoñecida e considerada nas políticas que cómpre desenvolver nos próximos anos. Debemos evitar a homoxeneización para camiñar cara a unha universidade dos “matices” na que os diferentes ámbitos se sintan cómodos no desenvolvemento da universidade. Consideramos que a especialización dos campus é unha estratexia acertada para aproveitar as fortalezas e oportunidades de cada un destes e, por tanto, debe ser reforzada.

**Obxectivo 11.1. Avanzar no proceso de desconcentración para optimizar a xestión dos Campus e acercar a toma de decisións a todos os membros da comunidade universitaria**

### **Accións**

1. Progresar na desconcentración do gasto nos Campus de Ourense e Pontevedra mediante a dotación dun orzamento axeitado ás Vicerreitorías de Campus. Serán os Consellos de Campus os órganos de debate e aprobación dos correspondentes plans de acción que executarán os devanditos orzamentos.
2. Potenciar as funcións institucionais e organizativas que as Vicerreitorías de Campus exercen por delegación do Reitor, como a sinatura de convenios de ámbito estritamente vinculado ao Campus.

## **OURENSE**

**Obxectivo 11.2. Potenciar a singularización do Campus da Auga, as súas titulacións e os seus centros e unidades de docencia e/ou I+D+i**

### **Accións**

1. Reforzar o Programa de Doutoramento do Campus da Auga mediante a mellora da súa calidade e o impulso da súa internacionalización.
2. Crear no actual CITI un centro de investigación, servizos de I+D+i e emprendemento asociado ao Campus da Auga.
3. Dotar dos medios e da estrutura organizativa necesaria os laboratorios singulares de investigación do edificio do Campus da Auga adxudicados ás unidades de investigación solicitantes cara ó óptimo desenvolvemento das liñas estratéxicas do campus de especialización.

4. Velar pola calidade da docencia de todas as titulacións, garantindo a posta en funcionamento das infraestruturas docentes e investigadoras necesarias.

### Obxectivo 11.3. Fomentar a colaboración e o equilibrio en I+D+i entre os distintos ámbitos de coñecemento

#### Accións

1. Elaborar un estudo específico que identifique as dificultades e as barreiras para o desenvolvemento dos diferentes grupos de investigación do Campus e posta en marcha de accións específicas para a mellora dos indicadores de investigación do Campus, en particular, nos ámbitos con maiores dificultades.
2. Realizar convocatorias de proxectos de investigación destinados a fomentar a colaboración entre grupos de investigación de diferentes ámbitos do Campus.

### PONTEVEDRA

### Obxectivo 11.4. Impulsar o proxecto de especialización en torno á creatividade e a innovación social e sustentable potenciando a investigación e a transferencia

#### Accións

1. Aumentar o nivel de coñecemento interno da actividade investigadora e de transferencia realizada no Campus de Pontevedra co obxectivo de desenvolver novas iniciativas interdisciplinares que potencien o clúster de Ecosistemas de Innovación.
2. Fomentar a investigación e a transferencia dos grupos emerxentes do Campus a través de convocatorias específicas de proxectos.
3. Instalar a sede corporativa do CREA S2i no edificio da rúa Benito Corbal, con espazos dedicados á investigación, transferencia e emprendemento así como a outros/as servizos e áreas transversais como o Centro de Linguas, o curso sénior ou o gabinete psicopedagóxico.
4. Potenciar a relación coa contorna empresarial galega de cara a desenvolver proxectos de transferencia interdisciplinares e proxectos europeos a través de encontros bilaterais periódicos e sesións de traballo, establecendo alianzas estratéxicas con institucións, empresas e organizacións de referencia.

### Obxectivo 11.5. Consolidar a oferta académica do Campus dentro do proxecto de especialización

### **Accións**

1. Apoiar a implantación das novas titulacións do Campus.
2. Impulsar novos dobres graos ou másteres estratéxicos e consolidar o dobre grao en Dirección e Xestión Pública coa Universidade de Sao Paulo.
3. Fomentar plans de internacionalización dos graos ofertados así como da oferta de semipresencialidade.
4. Impulsar o programa de doutoramento en creatividade e innovación sustentable como motor de internacionalización da investigación interdisciplinar do Campus.
5. Crear unha carteira de cursos de formación abertos á cidadanía vinculados ao edificio da rúa Benito Corbal, sede corporativa do CREA S2i.

### **VIGO-CENTRO**

**Obxectivo 11.6. Potenciar o Campus histórico da Universidade de Vigo entorno ós centros situados na rúa Conde de Torrecedeira**

### **Accións**

1. Reforzar a presenza da Universidade de Vigo no centro da cidade, creando un conxunto urbano Campus Vigo-Centro.
2. Reforzar as titulacións de grao e máster que se imparten nos centros do Campus Vigo-Centro.
3. Garantir a posta en funcionamento das infraestruturas necesarias para asegurar a calidade da docencia de todas as titulacións que se imparten neste Campus.
4. Impulsar as actividades de investigación do PDI con sede nestes centros.
5. Mellorar a conexión entre o Campus Vigo-Centro e o Campus da Lagoas-Marcosende, tanto no relativo ó transporte como nas conexións vía internet.

## A UNIVERSIDADE QUE QUEREMOS

1. Unha universidade cunha visión estratéxica compartida obtida a través dun proceso de planificación estratéxica que, contando coa sustentabilidade económica, social e ambiental como principio inspirador, conduza á elaboración do II Plan Estratéxico da Universidade de Vigo coa participación do conxunto da comunidade universitaria.
2. Unha universidade dos matices na que se respecten as especificidades dos distintos ámbitos e centros, mediante a posta en marcha de contratos-programa particularizados conducentes á obtención de obxectivos estratéxicos singularizados.
3. Unha universidade centrada na docencia e a investigación e transferencia, na que o tempo dedicado a tarefas burocráticas se minimize a través da implantación dun programa de Actualización do Sistema de Administración e Xestión, a integración de procesos e servizos e a dixitalización masiva da universidade.
4. Unha universidade que avalía a estrutura organizativa do Persoal de Administración e Servizos da Universidade, e planifica, negocia e executa as modificacións necesarias para corririxir as posibles disfuncións detectadas, sempre mediante unha política de revisión continua.
5. Unha universidade que escoita e avalía a situación presente do PAS e PDI mediante a posta en marcha dun programa de atención individual que escoite e avalíe as demandas, identifique os problemas e formule as posibles solucións, co obxectivo de incrementar a identificación do profesorado e o persoal de administración e servizos coa institución á que pertence.
6. Unha universidade cunha política de profesorado estable que procure o relevo xeracional, establecendo procedementos e criterios de promoción e funcionarización consensuados e estables e aplicando políticas tendentes á redución dos desequilibrios docentes entre ámbitos.
7. Unha universidade na que o profesorado teña unha dedicación máis equilibrada, o que se traduce nunha mellor calidade docente e investigadora, mediante a posta en marcha de contratos-programa personalizados vinculados á consecución de obxectivos específicos de investigación, transferencia, docencia de calidade ou innovación docente.
8. Unha universidade que desenvolve con visión estratéxica as súas titulacións, analiza e negocia as propostas que sobre a organización docente dos títulos xurdan dos equipos directivos dos Centros de cara a mellorar a docencia e adaptala ás súas necesidades formativas singulares e impulsa un plan de modernización dos equipamentos docentes.
9. Unha universidade que avanza cara á formación integral do estudiantado, profesorado e persoal de administración e servizos a través dun plan de formación transversal que facilite o debate e a transferencia de coñecemento inter-ámbitos co obxectivo de fomentar a capacidade crítica da comunidade propiciando o seu medre cultural.

10. Unha universidade orientada á empregabilidade do estudiantado mediante o reforzo da oferta e a calidade das prácticas preprofesionais, o impulso ós programas de mentorización e o lanzamento dun ambicioso programa de bolsas de colaboración en grupos de investigación que alcanzará a 600 estudantes na lexislatura.
11. Unha universidade que aposta pola investigación e a transferencia que potencia os centros singulares e agrupamentos estratéxicos, fortalece os seus grupos consolidados, pon en marcha contratos-programa destinados ós grupos produtivos sen financiamento na actualidade e desenvolve plans de acción específicos de intensificación de investigación en grupos pre-competitivos de todos os ámbitos, en particular, no xurídico-social, nas artes e nas humanidades.
12. Unha universidade con capacidade de captar e reter talento a través da posta en marcha dun programa activo de incorporación de persoal procedente do programa “Ramón y Cajal” e de outros programas competitivos estatais e internacionais da reserva dentro da oferta pública de emprego dun número de prazas independentemente das necesidades docentes e implantando un programa de retención de talento a través de contratos postdoutorais de tres anos de duración.
13. Unha universidade internacionalizada que internacionaliza ó seu estudiantado a través do progreso no plurilingüismo da docencia, no impulso ás dobres titulacións internacionais e que continúa co desenvolvemento do Centro de Linguas e fomenta a cooperación internacional para o desenvolvemento.
14. Unha universidade que se converta nun referente en igualdade, recoñecemento da diversidade, a inclusión e o benestar, garanta o acceso do estudiantado á totalidade do proceso formativo independentemente da situación económica persoal ou familiar e contribúa á conciliación da vida laboral, persoal e familiar.
15. Unha universidade da sociedade e para a sociedade que fomente a lingua e a cultura galega, reforce a súa inserción no contorno social mediante a posta en marcha do Foro da Universidade e das cátedras itinerantes, mellore a súa visibilidade redeseñando o DUVI e potenciando UVIGO TV e potencie as actividades culturais como instrumento de interacción coa sociedade.
16. Unha universidade diversa dende o punto de vista disciplinar, diversa na súa situación xeográfica e diversa na súa estratexia de especialización, que avance no proceso de desconcentración para optimizar a xestión dos Campus e favoreza o desenvolvemento das estratexias de especialización dos mesmos mediante a execución de programas deseñados especificamente para cada un deles.